



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte nº 2708/2020

RESOLUCIÓN

Vista a proposta de Bases elaboradas polos Departamentos de turismo e comercio para a convocatoria do I CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E FACHADAS DA POBRA DO CARAMIÑAL NADAL 2020.

Visto o art. 4 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, e a Disposición A 10ª da mesma, e tendo en conta que neste caso non se trata de premios que se concedan sen previa solicitude do beneficiario, e a fiscalización de conformidade da Intervención municipal (csv 7DEDKTJPC7CWQH59FE6NYGD6H).

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases reguladoras e Convocatoria do “**I CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E FACHADAS DA POBRA DO CARAMIÑAL NADAL 2020**” que se inclúen como anexo a esta Resolución.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto para a concesión dos premios por importe 2.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 338.22109.

TERCEIRO.- Dispoñer que se de publicidade ás presentes Bases mediante a súa publicación no Taboleiro de edictos da Corporación e mediante carteis e folletos informativos e outros medios que sexan precisos para xeral coñecemento.

CUARTO.- Dar conta da presente Resolución ao departamento de Cultura, a Intervención e Tesourería, e ao Pleno da Corporación na vindeira sesión que sesión que celebre.

A Pobra do Caramiñal

O alcalde

O secretario

(documento asinado dixitalmente)

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: 54P6Y9RWMZ6G9ZJHKYG6CTHM9 | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



Concello da Pobra do Caramiñal

Expte nº 2708/2020

BASES E CONVOCATORIA DO I CONCURSO DE EMBELECEMENTO DE BALCÓNS E FACHADAS DA POBRA DO CARAMIÑAL NADAL 2020

1. CONVOCATORIA

O concello da Pobra do Caramiñal convoca o I Concurso de Embelecemento de Balcóns e Fachadas para o Nadal 2020.

2. OBXECTO

O obxecto deste concurso é incentiva-la participación da veciñanza na ornamentación dos seus balcóns e fachadas con motivo da celebración do Nadal de 2020, xa que detrás desta existe unha contribución cidadá á mellora estética das rúas e edificios do municipio que farán máis alegre o desenvolvemento dun Nadal que, debido ós acontecementos deste ano pola pandemia da Covid-19, vai ser atípico.

3. PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso calquera persoa ou entidade propietaria dunha vivenda situada no termo municipal da Pobra do Caramiñal, ou arrendataria dela, con balcón, ventá e/ou fachada con vistas á vía pública, e que reúna as condicións necesarias para a súa decoración sen que iso supoña perigo ningún para a súa integridade e a das persoas viandantes. Cada vivenda só poderá participar unha vez, independentemente dos balcóns que sexan decorados.

A participación neste concurso é de balde.

As presentes bases estarán dispoñibles para as persoas participantes na páxina *web* oficial do Concello da Pobra do Caramiñal, www.apobra.gal.

4. INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición serán remitidas por correo electrónico ó enderezo turismoecomerciodapobra@gmail.com ou ben chamando ó teléfono 981843280 (ext. 2035). Nelas deberase sinala-lo nome e o documento de identidade da persoa participante, o enderezo do balcón, ventá ou fachada e o número de teléfono de contacto. A data límite de inscrición será o día 30 de novembro.

Darase un prazo de 6 días para a ornamentación dos balcóns/fachadas. A partir desa data, as persoas que estean inscritas oficialmente deberán remitir por correo electrónico 2 fotografías do seu balcón/fachada para que o xurado teña así constancia de que efectivamente estes se atopan decorados.

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: 54P6Y9RWMZ6G9ZJHKYGGCTHM9 | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4



Concello da Pobra do Caramiñal

5. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

Os balcóns deberán estar decorados durante o período comprendido entre o día 6 de decembro e ata o día 6 de xaneiro, ámbolos dous incluídos, pois o fin último deste concurso é facer que cada fogar da Pobra do Caramiñal contribúa a embelece-lo Nadal de 2020, proporcionándolle esa cor e ledicia que se necesita nos momentos complicados.

Os elementos utilizados para a ornamentación de balcóns e/ou fachadas deixaranse á libre elección da veciñanza, pero sempre respectando as vías, beirarrúas e entradas a vivendas doutras persoas. A temática deberá ter relación directa co Nadal.

Deberá estar perfectamente suxeito calquera elemento pendurado ou colocado sobre calquera estrutura do balcón e/ou fachada, sen que a súa situación poña en risco a seguridade, facéndose responsable a persoa inscrita no concurso de calquera incidente orixinado pola caída dalgún elemento ou parte deste á vía pública.

Serán obxecto de exclusión do concurso aqueles balcóns e/ou fachadas que incumpran as normas elementais de hixiene e limpeza, en evitación de molestias á veciñanza e ás persoas que usan a vía pública.

No día 22 de decembro darase a coñece-lo resultado do concurso, informándose dos tres primeiros premios a través das redes sociais municipais e medios de comunicación.

6. XURADO

O Concello designará os membros do xurado. A dita composición darase a coñecer no momento do ditame do concurso.

As persoas que formen parte do xurado non poderán participar no concurso.

O veredicto do xurado será inapelable. Poderase ditaminar que o concurso queda sen adjudicar.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

O xurado cualificador baseará o criterio da súa puntuación na

- Orixinalidade e creatividade da composición
- Calidade ornamental
- Harmonía do conxunto
- Laboriosidade
- Outras cuestións (como a iluminación)

8. PREMIOS

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: 54P6Y9RWMZ6G9ZJHKYGGCTHM9 | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



Concello da Pobra do Caramiñal

Haberá un premio por cada parroquia, consistente nunha gran cesta do Nadal.

O alcalde

José Luis Piñeiro García

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 A Coruña. Tfno. 981843280



Cod. Validación: 54P6Y9RWMZ6G9ZJHKYG6CTHM9 | Corrección: <https://apobra.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4